

## **Incentivos fiscais ao mecenado.**

FGDA é unha federación deportiva e entidade sen fin lucrativo, e é tamén unha entidade beneficiaria da Lei de Mecenado.

Calquera persoa física ou xurídica que faga donativos, doazóns ou achegas a favor de FGDA, poderá acollerse ós incentivos fiscais da Lei de Mecenado. Porén, tamén as empresas poderán facer achegas mediante convenios de colaboración empresarial.

A continuación establecemos uns cadros de información resumidos sobre os beneficios fiscais<sup>1</sup>:

### **Achegas efectuadas por persoas físicas:**

ACHEGAS	IMPOSTO DA RENDA (IRPF)		LÍMITES
	Base de dedución Importe ata	Porcentaxe de deducción (%)	
Doazóns (cartos, bens ou dereitos)	150 €	Dereito a deducir da cota íntegra ou 75 % da base de dedución.	A base das deducións non poderá exceder do 10 % da base liquidable do contribuínte.
	Para o resto da base de dedución por riba dos 150 €	Deducción do 30 % ou 35%* da base de dedución.	

\* Cando nos dous períodos impositivos inmediatos anteriores, o contribuínte teña realizado doazóns con dereito a dedución en favor da mesma entidade por importe igual ou superior, en cada un deses períodos, ao do ejercicio anterior, procede aplicar o 35% sobre a base da dedución en favor dessa mesma entidade que excede de 150 euros.

### **Achegas efectuadas por persoas xurídicas:**

ACHEGAS	IMPOSTO DE SOCIEDADES (IS)	LÍMITES
Doazóns (cartos, bens ou dereitos)	Dereito a deducir da cota íntegra ou 35% ou 40%** da base de dedución. (Aplicación ata en 10 anos).	A base desta dedución non poderá exceder do 10 % da base imponible do período impositivo.
Convenios de colaboración empresarial	Teñen carácter directo de gasto fiscal no IS. Non poden xeral deducións adicionais na base imponible nin na cota íntegra.	Non están suxeitos a ningún límite.

\*\* Cando nos dous períodos impositivos inmediatos anteriores, o contribuínte teña realizado doazóns con dereito a dedución en favor da mesma entidade por importe igual ou superior, en cada un deses períodos impositivos, ao do ejercicio anterior, procede aplicar o 40% sobre a base da dedución en favor dessa mesma entidade.

<sup>1</sup> Esta información non é exhaustiva. Recomendamos que cada contribuínte proceda a asesorarse sobre os beneficios, límites e deducións en exercicios posteriores, que lle poidan corresponder en función das súas situacións particulares.